

“Saída do 2º Ciclo a O Grove”



O día 28 de Maio os alumnos e as alumnas de Terceiro e Cuarto de Educación Primaria fomos de Excursión a O Grove (Pontevedra).

Tivemos que erguernos moi cedo, pois marchabamos ás 8.00 da mañá.

Cando chegamos á vila de O Grove, dirixímonos ao peirao para coller o Catamarán "Aquavisión". Levounos pola Ría de Arousa" e fondeamos a carón dunha batea, que impresionante é o fondo mariño!! Velaquí vedes unha foto.



Ao rematar de xantar, tomamos uns xeados. Qué saborosos!! Coa calor que ía!! Demos un paseo ata unha das praias da Illa da Toxa e ... mollamos os pés, recollemos cunchiñas e pedras abofé, foi moi divertido!!



“Saída do 2º Ciclo a O Grove”



Despois dun remolliño. Visitamos o “Aquarium Galicia”. Alí esperábanos unhas guías para explicarnos, polo miúdo, o que alí había. Vimos peixes devoradores, congros, douradas, morenas, robalizas, estrelas de mar, lagostas ...



Nembargantes, todos desexábamnos que nos levaran a gran piscina para ver a tartaruga mariña xigante, as raias e un tiburón femia.

E finalmente, retratámonos todos.
Mirade que guapos!!

